




BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Número extraordinario COVID-19

#EuQuedoNaCasa
NON O TOMES A BROMA
É BEN PARA TODOS!!!



INFORMACIÓN, OBRIGAS E RECOMENDACIÓNS DURANTE O ESTADO DE ALARMA E ALERTA SANITARIA POLO CORONAVIRUS

■ Nestes momentos nos que todo o país está vivindo unha situación de extrema gravidade debemos cumprir estritamente coas obrigas que nos impón o decreto de **ESTADO DE ALARMA** (BOE do 14 de marzo de 2020) e a **EMERXENCIA SANITARIA** decretada pola Xunta de Galicia (DOG 13 de marzo de 2020).

Resulta de vital importancia a colaboración de toda a veciñanza para frear o avance deste virus, trátase dun problema

moi grave que todos/as debemos tomarnos en serio, por nós, polas nosas familias e polo futuro da nosa sociedade.

DE INTERESE



■ O Concello de Vedra pon a disposición do Ministerio de Sanidade do Goberno de España o Centro da 3ª Idade de Vedra ante a posibilidade de que se precise como espazo para ATENCIÓN SANITARIA.



INFORMACIÓN SOBRE TERMOS E PRAZOS ADMINISTRATIVOS

■ Todos os TERMOS e PRAZOS ADMINISTRATIVOS están interrompidos e suspendidos para as tramitacións de procedementos nas entidades do sector público. (Disposición adicional III do R.D. 463/2020, do 14 de marzo polo que se declara o estado de alarma), agás algún prazo no ámbito tributario ou da Seguridade

Social (ver R.D. 465/20 do 17 de marzo), como os da presentación das declaracións e autoliquidacións tributarias. Así mesmo, os prazos de prescrición e caducidade de calquera acción e dereito quedarán suspendidos durante o período de vixencia do estado de alarma e, no seu caso, das prórrogas que se adopten.



RESUMO DE ASPECTOS IMPORTANTES QUE DEBEMOS TER EN CONTA DURANTE A VIXENCIA DO ESTADO DE ALARMA E A EMERXENCIA SANITARIA:

1 LIMITACIÓN DA LIBERDADE DE CIRCULACIÓN DAS PERSOAS

■ Só se poderá saír da casa INDIVIDUALMENTE (salvo acompañamento de persoas dependentes) para:

- Realizar desprazamentos ao lugar de traballo.
- Acudir a un centro sanitario.
- Comprar alimentos, medicamentos ou produtos de primeira necesidade (incluíndo repostaxe en gasoliñeiras ou acudir a unha entidade bancaria).
- Asistir e coidar a persoas maiores, menores, dependentes ou especialmente vulnerables.
- Por causa de forza maior ou situación de necesidade.

Os desprazamentos en vehículos só estarán permitidos para as fins mencionadas.

NON se poderá saír do domicilio para visitar ou reunirse con familia ou amizades, pasear, ocio ou calquera outra actividade que non sexa unha das recollidas no punto anterior. Tampouco se poderá sacar a pasear a mascota máis alá dos arredores da vivenda e polo tempo mínimo imprescindible.

Se tes dúbida sobre se podes realizar algunha actividade ou non, ponte en contacto co Concello ou coa Garda Civil.

**PROTÉXETE // PROTEXE AOS TEUS
PROTÉXENOS A TOD@S
QUEDA NA CASA!!!!!!**



2 MEDIDAS DE HIXIENE E PREVENCIÓN



Manter sempre unha distancia mínima de 2 metros coas persoas que teñamos cerca.



Lavar as mans con agua e xabón con frecuencia.



Evitar tocar ollos, nariz e boca.

3 SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS

■ O departamento de Servicios Sociales segue estando operativo a través da vía telemática e telefónica no número **981 814 693** e **699 041 486** e alcaldia@concellodevedra.com para prestar o mellor dos servizos a toda a comunidade.

MEDIDAS ESPECIAIS ADOPTADAS EN RELACIÓN Á PROPAGACIÓN DO CORONAVIRUS CON RESPECTO AO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF):

Debemos recordar que a situación de estado de alarma e de emerxencia sanitaria grave necesita da colaboración de todas as persoas e a comprensión de todas as familias, máxime nun servizo onde se atende a persoas **ESPECIALMENTE VULNERABLES E CONSIDERADAS DE ALTO RISCO**, onde é fundamental protexer a súa saúde, tanto dos dependentes e as súas familias como a das auxiliares. Temos que ser conscientes de que este persoal é imprescindible para garantir a atención de persoas que viven soas e sen rede de apoio familiar na contorna. Facemos un chamamento a toda a cidadanía apelando á responsabilidade e compromiso co mandamento das autoridades públicas ao fin de minimizar na medida do posible a liña de contaxio nun colectivo de extrema vulnerabilidade e por ende na comunidade en xeral. Por iso o Concello de Vedra reorientará as prioridades do servizo de axuda no fogar atendendo aos seguintes criterios:

- Suspensión temporal de acordo e a petición das familias-usuarias daqueles casos nos que os servizos se limitaban unicamente á prestación de atencións domésticas ou que contaban con rede de apoio familiar no domicilio ou na contorna que lle pode garantir as atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria. A tal efecto contactouse coas persoas usuarias que viven ou contan con familia de apoio, para informarlles e advertirlles da gravidade da situación, apelando á responsabilidade das familias e en beneficio dos/as dependentes e informar, orientar e deixar claro

que a decisión de suspender temporalmente é súa, sen descartar que se poidan adoptar outras decisións en calquera momento seguindo as ordes e instrucións específicas para o sector que veñan impostas polas distintas administracións competentes. Esta suspensión non vai afectar ao seu dereito ao servizo

- Limitaranse as intensidades do servizo no caso daquelas persoas usuarias que contan con rede de apoio familiar en domicilio ou na súa contorna, de xeito que se lle continúe garantindo as atencións de carácter persoal na realización das actividades da vida diaria.

- O SAF seguirase prestando con normalidade nos casos de persoas usuarias que viven soas e non contan con rede de apoio familiar na súa contorna así como aquelas situacións de urxencia valoradas polas técnicas de Servizos Sociais Comunitarios e seguindo as instrucións que poidan dictarse polas administracións competentes.

- Se algunha persoa usuaria do servizo presenta síntomas, deberase comunicar de forma inmediata a fin de valorar as medidas que se terán que adoptar.

Estas medidas están tomadas pensando no interese único, imprescindible e urxente de protección dos nosos maiores e dependentes, das nosas traballadoras e da nosa poboación en xeral, seguindo as recomendacións facilitadas polas distintas administracións e organismos competentes na materia.

4 CENTRO DE SAÚDE DE VEDRA

■ Neste punto informamos das recomendacións que desde o Centro de saúde de Vedra nos fan chegar:

- Debemos solicitar toda consulta médica **TELEFONICAMENTE** no **981 81 46 57**.

- Apracemos todas as consultas e analíticas que se poidan aprazar

- No caso de ter síntomas (febre, tos, dificultade respiratoria) **NON** acudir ao Centro de Saúde, quedarse illado/a na casa e chamar ao teléfono 900 400 116 (usar o 061 só no caso de emerxencias).

- Unifícanse todas as consultas de pediatría de Vedra e Boqueixón no Centro de saúde de Lestedo, onde só se atenderá a nenos e nenas.

É importante ter en conta estas recomendacións para evitar o colapso do sistema sanitario. Non esquezamos que a



xente seguirá tendo urxencias médicas non relacionadas co coronavirus e para poder garantir a súa atención o sistema non debe estar saturado.

5 SERVICIOS ADMINISTRATIVOS MUNICIPAIS

- A comunicación co Concello debe realizarse de forma telemática a través da sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es/>) ou vía telefónica a través dos teléfonos dos distintos departamentos municipais.

- Suspéndese a atención ao público nas dependencias municipais, atendendo só URXENCIAS previa cita no teléfono 981 81 46 12, en horario de 9 a 14 horas. O persoal municipal permanecerá no Concello en servizos mínimos. Apelamos á responsabilidade da veciñanza para non achegarse á Casa Consistorial e para enteder como urxencias aqueles trámites apremiantes e non os ordinarios.

- Sevicios Sociais e Protección Civil funcionarán a pleno rendemento.

- O servizo de recollida de lixo seguirá funcionando coa mesma frecuencia pero en distinto horario (o Punto Limpo permanecerá pechado e suspéndese o Servizo Porta a Porta).
- Na Brigada verde, obras, tractores, etc haberá persoas de retén, organizándose en quendas.

- Durante o estado de alarma os órganos colexiados municipais non celebrarán reunións (Pleno, Comisións, Xuntas de Goberno, etc), agás a Comisión de Seguimento do COVID-19.

- Recordamos que todas as instalacións e dependencias municipais (gardería, ludoteca, centro social da terceira idade, pavillón, biblioteca, casas culturais, etc) permanecerán PECHADAS durante o estado de alarma e emerxencia sanitaria, tamén as situadas ao aire libre como parques, pistas deportivas, rutas, etc.

- Mentras non se reanuden os servizos, procederáse consecuentemente, á suspensión do pagamento por parte das persoas usuarias dos recibos de ludoteca, madrugadores, gardería, actividades deportivas, da terceira idade, culturais (inglés, ...). Cando se normalice a situación tamén se procederá á regularización e devolucións, de ser o caso, dos importes realizados con anterioridade á declaración do estado de alarma, en proporción ao tempo de suspensión dos ditos servizos.

- A Deputación da Coruña amplía os prazos dos procedementos tributarios e apraza o inicio da campaña sobre vehículos (IVTM) ata novo aviso. (Imposto municipal tramitado a través da Deputación).

6 EMPREGO

- Como consecuencia das medidas adoptadas pola evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19 as oficinas de emprego pechan ao público, pero ofrecen aos cidadáns atención telefónica e telemática para os trámites urxentes.

Ao abeiro do Plan territorial de Emerxencias da Xunta de Galicia, Emprego de Galicia en coordinación co Servizo Público de Empleo Estatal (SEPE), acordáronse as seguintes medidas:

- NON será necesario renovar a demanda de emprego ata o 30 de abril de 2020 (daranse máis instrucións segundo se teña coñecemento das mesmas).

- Se ten que realizar algún trámite urxente na súa demanda de emprego, poderá facelo a través da oficina virtual ou poñéndose en contacto telefónico coa súa oficina de emprego.

- Quedan suspendidas as citas de orientación laboral.

- No que se refire ás prestacións, poden consultarse as medidas adoptadas en <https://www.sepe.es>, destacando que non se terán en conta os prazos actualmente establecidos para solicitar a prestación ou subsidio. É dicir, o dereito á prestación ou subsidio queda plenamente asegurado sen ter que cumprir o prazo habitual para solicitalos.

Esta información actualízase no portal <https://emplego.xunta.gal>

ATENCIÓN TELEFÓNICA:

Á cidadanía: 901 11 99 99 (Teléfono fixo provincial)

Ás empresas: 901 010 121 (Teléfono fixo provincial)

Teléfono: 901 01 09 90 para servizos
empresas ficheiros XML

Teléfono 901 010 210 cita previa
(Teléfono fixo provincial)

7 OUTRA INFORMACIÓN DE UTILIDADE

- Os PERMISOS DE QUEIMA quedan suspendidos ata novo aviso, non sendo válidas as autorizacións e comunicacións outorgadas con anterioridade.

- En relación coa celebración ordinaria do CULTO RELIXIOSO nas igrexas do noso concello recordamos á veciñanza que tampouco están abertas ao público. No que atinxe á celebracións fúnebres estas deberán celebrarse na máis estrita



intimidade familiar e nunca con máis de 25 persoas congregadas durante o cortexo fúnebre.

- Os centros de traballo que por lei poidan seguir abertos deben reforzar as medidas preventivas de hixiene e limpeza. Evitar aglomeracións e controlar que se manteña a distancia de seguridade por parte de consumidores e empregados.

- Seguiranse recollendo avisos no 012 e retirando niños de vespa velutina (este é un servizo de importancia, especialmente nesta época do ano).

- No R.DL. 8/2020 de 17 de marzo (publicado no BOE 73 do 18 de marzo) publícanse unha serie de medidas extraordinarias en relación ao impacto económico e social da crise do coronavirus, entre as que destacamos:

- Garantese a subministración de enerxía aos/ás consumidores/as vulnerables, de xeito que durante un mes a partir do 18 de marzo os subministradores non poderán retirar-lles o servizo. Os bonos sociais prorróganse automaticamente ata o 15 de setembro (art. 4).

- Concederáse moratoria na débeda hipotecaria da vivenda habitual para aquelas persoas con dificultade para facer o pago ou vulnerabilidade económica sobrevida pola crise do COVID-19 (supostos e condicións desta medida: art. 7 a 16).

- Os autónomos poderán recibir unha prestación por cese de actividade polo COVID-19 cando a facturación do mes previo á solicitude da axuda sexa un 75 % menor da media do semestre anterior (requisitos, contía e condicións: art. 17).

- Ábrese unha liña de financiamento para empresas e autónomos para o pago de facturas, circulante, vencementos financeiros ou tributarios ou necesidade de liquidez (art. 29-31).

- Prorróganse os DNI (e certificados recoñecidos ao mesmo) que foran caducar durante o estado de alarma polo COVID-19. Terán validez ata ao 13 de marzo de 2021 (disposición adicional 4).

8

VOLUNTARIADO

■ O CONCELLO DE VEDRA PONSE A DISPOSICIÓN DA VECIÑANZA QUE PRECISE ALGÚN TIPO DE APOIO NESTA SITUACIÓN DE EMERXENCIA.

Ante a situación de emerxencia xerada polo Codvid-19 e en atención ás medidas de contención aplicadas desde as institucións, o Concello de Vedra activa desde hoxe un servizo de apoio para cubrir as necesidades dos colectivos de risco e de especial vulnerabilidade do municipio, co obxectivo de evitar as saídas do seu domicilio.

Así mesmo, ponse en funcionamento un servizo de apoio dirixido especialmente ás persoas que vivan soas e que non contén con rede de apoio familiar na súa contorna habitual, e que sexan susceptibles dunha atención específica derivada da crise de emerxencia sanitaria que estamos a vivir.

O servizo de apoio centrarase en:

- Colaboración para a adquisición de produtos de primeira necesidade: alimentación, hixiene persoal, limpeza doméstica...
- Retirada de medicamentos na farmacia.
- Resolver calquera dúbida ou xestión de carácter administrativo.

Este labor desenvolverase con todas as garantías de hixiene e seguridade. As persoas que precisen deste apoio poden poñerse en contacto cos Servizos Sociais Municipais por algunha das seguintes vías:

Nos teléfonos:

- 981814693 (de luns a venres de 09 a 14 horas)
- 629661685 (móbil de servizos sociais para urxencias)

No enderezo electrónico:

- voluntariado@concellodevedra.com

Pedimos a toda a veciñanza que estea atenta a través da paxina web e Facebook do Concello, así como a través do servizo de novas no móbil e no mail, ás novas informacións e medidas que nos vaian trasladando dende o Goberno Central, Xunta de Galicia, Deputación ou FEGAMP, as cales tamén poden coñecer polos medios informativos tradicionais (prensa, tv, radio), posto que estas medidas poden ir cambiando e ser máis restritivas segundo evolucione esta crise.

Dende este concello pedimos a comprensión da cidadanía con todas estas medidas e facemos un chamamento á responsabilidade de todos e todas para que os efectos desta crise sexan os menos posibles. Así mesmo, pregamos que se atendan as recomendacións das autoridades sanitarias en todo momento.

**Calquera dúbida ou consulta, chama ao 981 814 612 de 9:00 a 14:00 h.
ou escribe a calquera hora, calquera día a alcaldia@concellodevedra.com**